CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

Rº EE. LL. - Nº 01150183 • Nº R. EE. LL. G.: MU 2000/1 • C. I. F. P - 1501800 - E

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 25 DE MARZO DE 2010.

ASISTENTES:
Presidente:
D. ANGEL LOPEZ SUEIRO.
CONCELLEIROS:
DNA. M. JOSEFA COBELO MOREIRA
D. FERNANDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ.
DNA. EVA MARIA FRAGA SANMARTIN.
D. FERNANDO VILAR DÍAZ.
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO.
D. JUAN PUENTES CALVO .

SECRETARIO:
D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e cinco de marzo de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. ANGEL LOPEZ SUEIRO, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebra-la sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.
Non asiste á sesión Dna. Josefa Fina Seco Vilar.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZ. ACORDO QUE PROCEDA.-

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e oito de xaneiro de dous mil dez.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aproba-la acta da sesión anterior.

2.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DA CAPELA. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA.-

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo Secretario da Corporación, explícase polo miúdo o motivo da necesidade da modificación do Regulamento dos Ficheiros de datos de carácter persoal que foi aprobado polo Pleno do Concello en data seis de xuño de dous mil sete, que vén motivado por un novo protocolo redactado a instancias da Alcaldía pola empresa Consultora RB Solucións, o que conleva que se supriman algúns ficheiros e que se modifiquen outros, para con posterioridade e despois da preceptiva exposición ó público do acordo de modificación do Regulamento se proceda ó rexistro dos mesmos na Axencia de Protección de datos.

Visto o anterior, sen producirse debate, e por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la modificación do artigo 2º e anexo do Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal de acordo co previsto no anexo que se achega na proposta da Alcaldía.

2º.- Expoñer ó público o mencionado acordo de modificación do regulamento polo prazo de trinta días, ós efectos de reclamacións e suxerencias.

3º.- De non presentarse reclamacións ou suxerencias ó acordo inicial de aprobación elevarase automáticamente a definitivo.

3.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.-

Dase conta dos Decretos e Resolucións da Alcaldía dende o día dezáseis de decembro de dous mil nove ata o quince de marzo de dous mil dez.

DECEMBRO:

- **XESTIÓN RECURSOS:** Resolución da Alcaldía de data 16.12.2009, solicitude a Caixa Galicia, oficina da Capela, para que aperturen nova conta corrente para a xestión dos recursos do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 17.12.2009, asignación ós funcionarios de carreira con concepto de productividade variable de cantidade a incluir na nómina do mes de decembro.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 18.12.2009, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Vanesa Filgueiras Carballeira.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 18.12.2009, aprobación certificación número dous da obra "Abastecemento de auga potable a Porcar dende o cemitero", por importe de 60.882,40 €, presentada pola empresa Construeume, S.L.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 18.12.2009, aprobación certificación número un da obra "Abastecemento de auga potable a Porcar dende o cemitero", por importe de 9.119,70 €. presentada pola empresa Construeume, S.L.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.12.09, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.12.09, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 23.12.09, aprobación gasto.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 23.12.09, adquisición de parcela a D. Leonardo Naveiras Naveiras para estación de bombeo traída de augas, por importe de 1800 €.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 23.12.09, contratación laboral temporal a tempo parcial para o desempeño de Secretaria do Xulgado de Paz da Capela, a Dna. María Celia Couce Moreira.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 28.12.09, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 28.12.09, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.12.09, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.12.09, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 31.12.09, encargo a empresa adxudicataria provisional do procedemento aberto, con multiplicidade de criterios, para o servizo de recollida e transporte a planta de RSU, Vazquez Garzón, S.L. que dende o 2 de xaneiro de 2010, faga a recollida para non perturbar a prestación do servizo.

XANEIRO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.01.10, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.01.10, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.01.10, aprobación facturas-pago.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data04.01.10, inscrición no Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos a cadela de raza Rottweiler de Josefina Pérez Calvo.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.03.10, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.03.10, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 13.01.10, aprobación lista de admitidos de auxiliares de axuda a domicilio para persoas dependentes.
- **SERVIZOS:** Resolución da Alcaldía de data 15.01.10, incremento contía contrato de prestación servizo sinalado dende o 1 de xaneiro de 2010 no 0,8% á empresa Sedega, S.L.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 15.01.10, distribución de retribucións do persoal funcionario de carreira durante o exercicio 2010.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da alcaldía de data 15.01.10, acceso información por membros da Corporación Local.
- **SERVIZOS:** Resolución da Alcaldía de data 15.01.10, incremento do IPC para o exercicio 2010 na prestación do servizo á empresa Limpergal, S.L.
- **SERVIZOS:** Resolución da Alcaldía de data 15.01.10, incremento do IPC para o exercicio 2010 na prestación do servizo á empresa Comercial Bajama-Manuel Pérez Feal.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.01.10, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.01.10, aprobación facturas-pago
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 20.01.10, aceptación orzamento presentado por Exdega, S.L. para adquisición de "Dous banquiños de suplentes de 3 m. (6 prazas) para o Campo de Fútbol Municpal de Os Calzados.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 20.01.10, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. María Reyes Paz Vilar.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 22.01.10, contratación laboral por obra ou servizo determinado polo período dun ano de catro persoas para auxiliares de axuda no fogar.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 22.01.10, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 22.01.10, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 22.01.10, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Evangelina Sánchez Barreiro, no lugar de Cenzoi, 4.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 25.01.10, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de D. Washington Andrés Laxalt Acosta.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 25.01.10, aprobación certificación número 1 da obra "Rede de saneamento de aguas residuais A Graña-A Corveira", presentada pola empresa Construeume, S.L.
- **PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 26.01.10, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Ana García Meizoso, en As Neves, 75.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 26.01.10, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Pablo Fernández García e Dna. Patricia Arnoso Castro, en Cenzoi, 4.
- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía de data 26.01.10, petición de subvención á Deputación Provincial da Coruña para as Escolas Deportivas.
- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía de data 26.01.10, petición de subvención á Deputación Provincial da Coruña para a Escola de Música.
- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía de data 26.01.10, petición de subvención á Deputación Provincial da Coruña para equipamento infantil para a Biblioteca Municipal.
- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía de data 26.01.10, petición de subvención á Deputación Provincial da Coruña para a XXII FESTA DO REQUEIXO.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 27.01.10, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. María Mercedes Rodríguez Silvar.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.01.10, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.01.10, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 27.01.10, aprobación certificación número dous da obra "Rede de saneamento de augas residuais A Graña-A Corveira", presentada pola empresa Construeume, S.L.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 28.01.10, aprobación facturas-pago.

- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía de data 29.01.10, petición subvención á Deputación Provincial para adquisición miniexcavadora.
- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía de data 29.01.10, petición subvención á Deputación Provincial para animador cultural.
- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía de data 29.01.10, petición subvención á Deputación Provincial para equipamento deportivo.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.01.10, aprobación gasto.

FEBREIRO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.02.10, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.02.10, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 02.02.10, contrato do servizo de consultoría denominado "anteproxecto de explotación, estudo de custos e proposta de tarifas do servizo de abastecemento de auga potable do Concello da Capela", mediante contrato menor á emprsa Luat3, S.L.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.02.10, aprobación facturas-pago.
- **SERVIZOSO SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 04.02.10, concesión tarxeta aparcamento persoas con mobilidade reducida a Dna. María Flora Casal Martínez.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.02.10, aprobación gasto.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 05.02.10, cambio de domicilio de Elsa Gómez López e da súa filla Martina Paz Gómez.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.02.10, aprobación facturas-pago.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 08.02.10, concesión tarxeta municipal de aparcamento para persoas con mobilidade reducida a Dna. María del Carmen Primoy Espiñeira.
- **PRESUPOSTO:** Resolución da Alcaldía de data 10.02.10, transferir dende a partida 2010.9.12 a cantidade de 2.532,62 € á partida 2010.9.15, para correxir o erro producido no momento da confección do orzamento do presente exercicio.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 10.02.10, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de D. Javier Alvarez Pérez.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.02.10, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.02.10, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 17.02.10, aprobación expediente licitación e contratación obras de "Rehabilitación da Escola de Guitiriz e conservación e mantemento da Casa dos Lagoeiros".
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.02.10, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.02.10, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.02.10, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 22.02.10, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 23.02.10, aproabación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcadía de data 25.02.10, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 25.02.10, aprobación facturas-pago.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 25.02.10, persoación diante do Xulgado do Contencioso-Admtivo. Nº 3 da Coruña, no recurso Contencioso-Administrativo (procedemento ordinario 0000025/2010) interposto pola empresa Celta Prix, S.L. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14.12.09.
- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 25.02.10, aprobación padrón fiscal primeiro trimestre do servizo de recollida e tratamento de RSU.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 25.02.10, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Lidia Sánchez Rico.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.02.10, aprobación facturas-pago.

MARZO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.03.10, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.03.10, aprobación facturas-pago.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.03.10, aprobación facturas-pago.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 05.03.10, concesión da prestación do servizo de axuda no fogar a Dna. María Claudina Bouza Rivera.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 08.03.10, aprobación gasto.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 08.03.10, cambio de enderezo de Juán Vilar Gabeiras e Mireya Vilar Alves.
- **PERSOAL:** Resolución da alcaldía de data 09.03.10, aprobación lista de admitidos para a contratación laboral temporal dun arquiveiro/a. polo sistema de concurso-oposición a Dna. María Isabel Franco Rodríguez.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 10.03.10, adxudicación provisional da contratación da execución das obras de "Rehabilitación da Escola de Guitiriz e Conservación de mantemento da Casa dos Lagoeiros, 1ª Fase", á empresa Construeume, S.L.
- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía de data 10.03.10, aprobación gasto correspondente á subvención nominativa por importe de 6.000 € ó Padroado do Museo Etnográfico da Capela.
- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía de data 11.03.10, solicitude de subvención á Demarcación Territorial da Consellería de Traballo e Benestar por importe de 39.135,48 €, para programas de cooperación.
- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía de data 11.03.10, solicitude de subvención á Demarcación Territorial da Consellería de Traballo e Benestar por importe de 11.247,06 €, para programas de cooperación.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.03.10, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.03.10, aprobación liquidación do orzamento municipal correspondente ó exercicio 2009.

O pleno queda enterado.

4.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.-

Dase conta das mocións presentadas polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, que copiadas literalmente din:

PRIMEIRA.-
"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE TERRA GALEGA PARA QUE POLO EQUIPO DE GOBERNO SE DESTINE A CANTIDADE

ADXUDICADA A ESTE CONCELLO DA 2ª FASE DO FEIL ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXETICO.

ANTECEDENTES.-

PRIMEIRO.- No noso Concello actualmente están instaladas nas farolas que alumean o municipio, bombillas de vapor de sodio que aparte do seu elevado consumo, teñen unha duración de tan só 2 ou 3 anos, o que supón un alto coste para as arcas municipais.

Actualmente moitos municipios de todo o país están a cambiar estas tradicionais lámparas de vapor de sodio por outras con tecnoloxía LED. Estas bombillas supoñen un aforro enerxético dun mínimo de 50% con respecto as antigas xa que para producir a mesma luminosidade consumen menos watios. Ademáis teñen unha vida útil de entre 10 e 12 anos cun uso diario de 10 a 12 horas, aparte de xerar unha maior calidade de luz e unha menor contaminación (non emiten vapores de sodio e mercurio) e deslumbramentos xa que permiten dirixir o halo de luz á zona a iluminar.

Si ben é certo que inicialmente supón unha maior inversión que para as bombillas tradicionais, ó ter moito menor consumo enerxético e unha duración 4 veces maior, esta inversión veríase amortizada nun curto prazo de tempo.

SEGUNDO.- Por parte do Goberno de España, levouse a cabo unha segunda fase do famoso Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL) para dar comenzo das obras a partir do día 1 de xaneiro de 2010. Con cargo a este plan ó Concello da Capela correspóndenlle 117.443,11 euros.

Por outra banda, a Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Enerxía (INEGA) está levando a cabo actuación e subvencións para que os concellos de Galicia se impliquen no aforro enerxético tan necesario nesta época de crise, e por suposto, nestes tempos de concienciación ecolóxica.

PROPOSTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

A proposta por parte de Terra Galega da Capela é a seguinte:

1°.- Que se leve a cabo un estudio, por parte dos técnicos pertinentes, que permita valorar o aforro que suporía a colocación destas lámparas de tecnoloxía LED nas farolas do municipio.

2°.- Unha vez elaborado o informe, se someta á deliberacín do Pleno a viabilidade desta obra e a súa financiación con cargo á 2ª fase do FEIL e ás subvencións que poida otorgar o INEGA."

Retírase a presente moción polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, xa que está duplicada, e debatirase con posterioridade a derradeira presentada.

SEGUNDA.-
"ASUNTO: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE TERRA GALEGA PARA QUE POLO EQUIPO DE GOBERNO SE SOLICITE Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA A INVERSIÓN DO REMANENTE DO CAMPO DE FÚTBOL NA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO.

ANTECEDENTES.-

PRIMEIRO.- O Concello da Capela sumouse á 2ª Fase do Plan da Deputación da Coruña para a sustitución da herba natural dos campos de fútbol por herba artificial. Este Plan otorgaba a cada concello que se acollese ó mesmo, a cantidade de 399.996,66 euros, dos cales a Deputación aportaba o 85% desa cantidade e o concello o 15% restante.

No pasado mes de agosto, por acordo da Xunta de Goberno Local adoptouse na sesión extraordinaria celebrada o día 6 dese mes, adxudicar o contrato de execución da obra denominada "Instalación de céspede de herba artificial no campo de fútbol dos Calzados", á empresa Calfensa Proyectos, S.L. polo prezo de 324.975,50 euros (IVE incluido). Esta rebaixa efectuada pola empresa adxudicataria ben determinada polas pequenas dimensións do campo de fútbol dos Calzados (90 m de largo por 50 de ancho) que o convirten no campo de herba artificial máis pequeno da provincia.

Como queira que do presuposto inicial dispoñible no mencionado Plan da Deputación, partíase da suma de 399.996,66 euros, despois da adxudicación da obra pola cantidade de 324.975,50 euros, existe agora un remanente de 75.021,16 euros.

SEGUNDO.- Actualmente, nas instalacións dos Calzados, existen unha serie de deficiencias moi graves que impiden o pleno uso do campo de fútbol e do pavillón. Por unha banda, a instalación da auga quente non permite o seu uso continuado durante todo o día, como pode ocurrir nun maratón de fútbol sala, de fútbol, de baloncesto, tenis, etc. no que se disputen varios encontros dunha maneira continuada e por outro lado, a instalación eléctrica non soporta o uso ó mesmo tempo do alumeado do pavillón e do campo de fútbol, o que

supón un grave prexuízo cando coincide un entrenamento do equipo de fútbol co uso do pavillón.

PROPOSTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

A proposta por parte de Terra Galega da Capela é a seguinte:

1°.-Que se esixa á Deputación da Coruña que invirta o remanente do Plan especial de herba artificial correspondente a este Concello, na mellora das deficiencias que padecen as instalacións deportivas do municipio.

2°.- Remitir copia deste acordo ó Presidente da Deputación da Coruña e ós portavoces dos distintos grupos con representación nese organismo."

Dase conta polo Concelleiro de Terra Galega, D. Marcos Rodríguez Calvo, que como consecuencia da adxudicación da obra do campo de fútbol que se contratou en 324.000 €, cando o orzamento de contrata ascendía a 399.000€ produciuse unha baixa considerable de 75.000€, do mesmo xeito observáse unha serie de deficiencias nas instalacións do campo de fútbol, como é a instalación eléctrica, auga quente, peche perigoso das porterías de fútbol 7 etc., polo que coa presentación da moción o Grupo Municipal de Terra Galega pretende que se reclame da Deputación a baixa obtida na adxudicación da obra, e que coa mesma se arranxen tódalas deficiencias observadas nas instalacións do campo de fútbol.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, para poñer de manifesto que nas bases do plan que regulou a instalación de herba artificial nos campos de fútbol municipais non está prevista que a Deputación reintegre ou revirta as baixas obtidas na adxudicación da obra en melloras, non obstante sinala que as deficiencias observadas correxiranse e de feito o electricista do concello, xa ten presentado algún presuposto para arranxar a instalación eléctrica.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que o seu Grupo Municipal, xa ten reiterado en diversas ocasións as deficiencias na instalación eléctrica do campo de fútbol, xa que só existe boletín de enganche para o pavillón e polo tanto hai que facer as cousas ben dunha vez, e solicitar aumento de potencia e un novo boletín, de acordo co regulamento de baixa tensión para o campo de fútbol.

Polo Concelleiro de Terra Galega, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que é urxente correxir as deficiencias de tipo eléctrico, xa que ó apuntado na súa

primeira intervención engádese que non se pode regar o céspede coa instalación eléctrica actual, cuestión fundamental para este tipo de campos de fútbol de céspede de herba artificial.

Reitera o Sr. Alcalde-Presidente, que é imposible que o concello solicite á Deputación Provincial que a baixa revirta en melloras e que tódalas deficiencias detectadas vanse arranxar.

Sometido o asunto a doble votación, como consecuencia do empate producido na primeira votación, o Pleno da Corporación co voto de calidade do Sr. Alcalde-presidente (4 votos a favor da aprobación da moción dos Sres. Concelleiros/a dos Grupos Municipais de Terra Galega e Partido Popular e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros/a dos Grupos Municipais do P S de G-PSOE, e BNG- Mixto), rexeita a moción presentada polo Grupo Municipal de Terra Galega.

Dase conta polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, das seguintes mocións:

PRIMEIRA.-

"En Galicia atópanse aproximadamente un 50% de entidades de poboación de todo o estado español. A Capela sendo un concello pequeno, tanto en poboación como en extensión, pero ten en torno ós 60 núcleos.

No PXOM aprobado no ano 2006, aparecen algúns lugares que non figuraban catalogados no mesmo. Como por exemplo Penagrande, Guillurfe...

Atopamos zonas denominados como solo urbanizable delimitado, nas que teñen os mesmos servizos que o solo urbano.

Tendo constancia que dende a Xunta de Galicia estase a reformar a lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e, sendo A Capela, baixo o noso modesto entender, un municipio susceptible de acollerse ás melloras desa reforma. A remates de marzo calcúlase que estará lista a reforma.

En consecuencia o Grupo Municipal do Partido Popular, propón a debate e posterior aprobación, si procede, da seguinte

MOCIÓN:

1.- Formar un equipo de traballo para estudiar e posteriormente propoñer as distintas reformas susceptibles de mellora do PXOM de A Capela, en onde estén representados como mínimo os equipos técnicos do Concello, os grupos políticos, as asociacións, empresarios, abrindo esta mesa de traballo ós veciños que queiran participar.

2.- Esta mesa de traballo, estímase como mínimo dunha duración de dúas horas semanais, adaptando e regulando o Arquitecto municipal dito horario e traballo, sendo él baixo o noso punto de vista, unha "das patas da mesa" que non debería faltar."

Manifesta o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, que coa presentación da moción o Partido Popular da Capela pretende que se constitúa un equipo de traballo formado polo técnico municipal (arquitecto, os grupos políticos municipais, e as Asociacións) para proceder á modificación do PXOM da Capela, no que respecta ás áreas de solo urbanizable, así como a posibilidade de incluir como núcleos a Pena Grande, Guillurfe e outros, todo elo aproveitando que a modificación da Lei do Solo ven de ser aprobada no Parlamento galego no día de onte.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente para dicir que ó final a Lei non foi consensuada e saiu adiante só cos votos do Partido Popular, polo tanto, hai que esperar a que primeiro saia publicada a lei, e polo tanto non nos vamos adiantar a facer experimentos.

Respóstalle o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, que a moción non está centrada en dicir se a modificación da Lei é boa ou mala, xa que o que se pretende é aproveitar para A Capela aquelas modificacións nas que a Lei pode beneficiar a modificación do PXOM, e no que respecta ó consenso estima que o houbo nun 83%.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo dise que a día de hoxe a lei non está publicada no Diario Oficial de Galicia, e polo tanto non se sabe o que se pode modificar, polo que sería poñer a traballar un equipo só sobre hipóteses.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, dise que o PXOM aprobado polo Concello da Capela foino para favorecer a catro amigos e fastidiar a outros tantos, e levou consigo a paralización da construcción no concello, polo que lle parece perfecta a creación dunha comisión, xa que o PXOM da Capela, hai que cambialo canto antes, porque no

seu momento os tres partidos que aprobaron o PXOM, por unanimidade (P S de G- PSOE , PP e Mixto - BNG), actuaron caciquilmente, e facendo trampa.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que a moción se presenta porque o seu Grupo ten a conciencia de que o PXOM da Capela hai que cambialo xa, por iso se propón facer unha mesa ou equipo de traballo con ampla representación.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que primeiro hai que ver o que di a modificación da lei e despois poderase falar da creación dunha comisión de traballo.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que o único problema que ten o PXOM da Capela, son as áreas de solo urbanizable nas Neves, xa que o 99% dos núcleos están ben.

Polo voceiro do Grupo de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, manifféstase que o PXOM da Capela fíxose para empeorar a situación que había coas normas subsidiarias e de planeamento.

Sometido o asunto a dobre votación como consecuencia do empate producido na primeira votación e co voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, o Pleno da Corporación (4 votos a favor da aprobación da moción dos Sres. concelleiros/a dos Grupos Municipais do Grupo Popular e Terra Galega, e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros/a do Grupo Municipal do P S de G-PSOE e BNG- Mixto), rexeita a moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

SEGUNDA.-

"O Goberno de Zapatero vén de anunciar unha reforma do sistema de pensións e a posibilidade de retrasar a idade de xubilación aos 67 anos. Un debate improvisado que está a crear alarma entre a sociedade, posto que, en plena crise económica, e por primeira vez en moitos anos, todos os pensionaistas perderán poder adquisitivo.

Os pensionistas son os que máis están a sufrir os erros económicos do Goberno de Zapatero. As nóminas dos pensionistas este ano son inferiores ás do ano pasado. As pensións de 115.000 galegos veranse recortadas a través dun incremento no IRPF aplicable ás súas pagas.

Zapatero leva dous anos sen actualizar os mínimos da renda, en contra da súa promesa electoral. Isto implica que, co mesmo nivel de ingresos que en 2007, se pagan máis impostos.

Por se fose pouco, o Goberno do Partido Socialista eliminou, precisamente este ano, a dedución de 400 euros que prometeu na campaña electoral de 2009. Una dedución que foi outra decisión improvisada, que non beneficiou aos que máis a necesitaban e que supuxo un importante esforzo das arcas públicas. Agora, no peor momento da recesión, en lugar de manter esta axuda que Zapatero vendeu como respaldo ás familias en tempos de crise, retírana para todos por igual, sen ter en conta a dramática situación de moitas familias e, por suposto, dos pensionistas.

O Goberno central está a ocultar a verdadeira situación da Seguridade Social:

- Desde xullo de 2007 perdéronse máis de 1,5 millóns de cotizantes.
- 3 millóns de persoas están a cotizar só mentres lles dure o paro.
- A seguridade Social está gastando a un maior ritmo (7%) do que ingresa(0%).
- O superávit desplomouse un 30%.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presente para a súa aprobación, se procede o seguinte

ACORDO:

Instar ao Goberno do Estado a:

1.- Que non recorte o poder adquisitivo dos 115.000 pensionistas galegos afectados pola súa decisión de baixar as pensións en todo o Estado.

2.- Que todos os asuntos relativos á modificación do sistema de pensións sexan abordados no seo do Pacto de Toledo, de acordo cos interlocutores sociais e os Grupos Parlamentarios, co fin de asegurar un marco de pensións xusto e sostible."

Dase conta polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de que a presente moción trátase dunha moción de partido é dicir política, e da lectura íntegra ós dous puntos da parte resolutiva da moción.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóstaselle que o tema de fondo da moción aínda non está aprobado polo goberno e dase lectura polo Alcalde a unha serie de datos e cifras sobre o asunto de debate que conclúe manifestando que dos quince mil millóns que tiña o fondo de pensións no 2004, elevouse co Sr. Zapatero ós sesenta mil millóns actuais.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega manifféstase que o obxeto da moción é un enfrentamento claramente político entre PP e PSOE, sinalando ademáis que neste punto, o Alcalde na súa intervención deu claramente un mitin político, e manifesta o voto favorable do seu grupo.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo manifféstase que o único que fai o Sr. Rajoy e compañía é crear continuamente alarma social no escenario político nacional, e constátase claramente que as únicas melloras sociais sepre viñeron da man dos gobernos do PSOE.

Remata o debate do presente asunto, D. José Seco Fernández, para reiterar de novo o que xa tiña manifestado ó principio no senso de que se trata dunha moción política e manifesta que como sempre o Alcalde na súa intervención marchou ós cerros de Úbeda, e que a mellor medida que hoxe en día se pode ter é dispoñer dun posto de traballo, e na actualidade a cifra de parados é de cinco millóns.

Sometido o asunto a doble votación, ó producirse empate na primeira votación rexistrada, co voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, o Pleno da Corporación (4 votos a favor da aprobación da moción, dos Sres. Concelleiros/Sra. Concelleira dos Grupos Municipais de Partido Popular e Terra Galega, e 4 votos en contra dos Sres Concelleiros/a do P S de G- PSOE e Mixto - BNG), rexeita a moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

Dase conta por D. Marcos Rodríguez Calvo, Concelleiro do Grupo Municipal de Terra Galega, da seguinte moción:

TERCEIRA.-

"ASUNTO: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE TERRA GALEGA PARA QUE POLO EQUIPO DE GOBERNO SE SOLICITE

SUBVENCIÓN Ó INEGA PARA ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO.

ANTECEDENTES.-

PRIMEIRO.- No noso Concello actualmente están instaladas nas farolas que alumean o municipio, bombillas de vapor de sodio que aparte do seu elevado consumo, teñen unha duración de tan so 2 ou 3 anos, o que supón un alto coste para as arcas municipais.

Actualmente moitos municipios de todo o país están a cambiar estas tradicionais lámparas de vapor de sodio por outras con tecnoloxía LED.
Estas bombillas upoñen un aforro enerxético dun mínimo de 50% con respecto as antigas, xa que para producir a mesma luminosidade consumen menos watios. Ademáis teñen unha vida útil de entre 10 e 12 anos cun uso diario de 10 a 12 horas, aparte de xerar unha maior calidade de luz e unha menor contaminación (non emiten vapores de sodio e mercurio) e deslumbramentos xa que permiten dirixir o halo de luz á zona a iluminar.

Se ben é certo que inicialmente supón unha maior inversión que para as bombillas tradicionais, ó ter moito menor consumo enerxético e unha duración 4 veces maior, esta inversión veríase amortizada nun curto prazo de tempo.

SEGUNDO.- Por parte da Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Enerxía (INEGA) está levando a cabo actuacións e subvencións para que os concellos de Galicia se impliquen no aforro enerxético tan necesario nesta época de crise e, por suposto, nestes tempos de concienciación ecolóxica.

PROPOSTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

A proposta por parte de Terra Galega da Capela é a seguinte:

1º.- Que se leve a cabo un estudio, por parte dos técnicos pertinentes, que permita valorar o aforro que suporía a colocación destas lámparas de tecnoloxía LED nas farolas do municipio.

2º.- Unha vez elaborado o informe, se someta á deliberación do Pleno a viabilidade desta obra e a súa financiación con cargo ás subvencións que poida otorgar o INEGA."

Faise constar polo Concelleiro de Terra Galega, D. Marcos Rodríguez Calvo, que a presente moción ten como obxectivo o aforro enerxético no

alumado público, e polo tanto que polo Concello se soliciten axudas ó Inega, para gradualmente cambiar as lámparas de vapor de sodio por lámparas de LED, ó principio habería que facer máis investimento pero despois o maior gasto quedaría amortizado.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que con cargos a Fondos da Deputación Provincial, o Concello cambiou as lámparas de alumado na estrada xeral das Neves e en Estoxa - Gunxel baixando a potencia de 250 a 100 watios, sinala asimesmo que o INEGA financia como máximo un 60% das axudas que o Concello puidera solicitar e o problema está no financiamento da achega municipal.

Polo voceiro do Grupo Mixto, D. Juan Puentes Calvo, dise que o Concello ten xa un estudio feito sobre aforro enerxético, pero manifesta que hai que ter en conta que o INEGA, ata o de agora non subvenciona as lámparas tipo LEE.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido popular, D. José Seco Fernández, maniféstase que o seu Grupo Municipal está a favor do aforro enerxético, aínda que os cambios non se poden facer todos xuntos, senón gradualmente, e o único problema entre as lámparas de vapor de sodio e LED sería a diferente intensidad lumínica, aínda que nos rueiros pequenos tería menor importancia e podería sustituirse as lámparas de vapor de sodio por LEDS.

Sometido o asunto a doble votación por terse producido empate na primeira votación rexistrada, co voto de calidade do Sr. Alcalde-presidente o pleno da corporación (4 votos a favor da aprobación da moción dos Sres. Concelleiros / a dos Grupos Municipais do Partido Popular, e Terra Galega e 4 votos en contra
dos Sres. Concelleiros /a do PS de G. - PSOE e Mixto - BNG) rexeita a moción presentada polo Grupo Municipal de Terra Galega.

CUARTA.-

"ASUNTO: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE TERRA GALEGA PARA QUE POLO EQUIPO DE GOBERNO ACORDE A INSERCIÓN DAS ACTAS DOS PLENOS NA PÁXINA WEB DO CONCELLO.

ANTECEDENTES.-

Dende fai algún tempo, o Concello da Capela dispón en internet de unha páxina web na que se informa de diversos aspectos relativos ó concello, entre os que se atopa tamén información política.

Por outra banda, o artigo 88 do ROF dispón que serán públicas as sesións do Pleno Municipal.

Unha maneira de desenrolar ese carácter de público que lle otorga o ROF ós plenos, é poder asistir "in situ" ós mesmos e tamén a súa exposición no taboleiro de anuncios do Concello, pero ámbalas dúas supoñen un desplazamento para os veciños que esteñan interesados.

Por iso propoñemos que, como medio de facilitar ese acceso dos veciños ás actas plenarias, se inserten éstas na páxina web do concello para que poidan ser visualizadas sin ter que desplazarse ata o Concello.

Por todo isto,

PROPOÑEMOS Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Que por parte do equipo de goberno, se fagan as xestións necesarias para que se inserten as actas plenarias na páxina web do Concello, tanto as que correspondan ós plenos que se celebren dende esta data como as que correspondan ós plenos xa celebrados, dende a data que sexa posible."

Sen producirse debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. Concelleiros/a asistentes á sesión acorda aproba-la moción presentada polo Grupo Municipal de Terra Galega.

Dase conta da moción presentada polos grupos municipais do PS de G - PSOE e Grupo Mixto BNG, que copiada literalmente di:

" A iniciativa Lexislativa Popular de fomento do sector naval galego, que promoveu na nosa comarca Rumbo 21 e que foi tomada en consideración por unanimidade no Parlamento galego a fins de decembro de 2009, tiña o obxectivo de mover a preocupación da nosa cidadía a respecto da agonia do que noutros tempos foi un dos estaleiros máis importantes de Europa e tiña tamén a finalidade de impulsar desde a Cámara galega unha iniciativa que favorecera unha acción de goberno da Xunta de Galica e do Goberno do Estado a prol da reactivación do estaleiro de Fene como industria naval civil.

Coincidindo coa recollida de sinaturas e coa tramitación da ILP, en resposta a varias iniciativas parlamentarias, o presente do Goberno español, adquiriu en tres ocasións o compromiso político perante o Pleno da Cámara de que desde a Presidencia da Unión Europea faría o traballo necesario para levantarlle o veto á antiga Astano.

Por outra parte, en maio do 2009, o Congreso dos Deputados aprobou a seguinte resolución: "Apertura dun proceso negociador para revisar os acordos do ano 2004, que limitan até o ano 2015 a actividade produtiva do estaleiro de Fene a tarefas auxiliares do estaleiro Navantia- Ferrol, coa finalidade de que o estaleiro de Fene poida desenvolver plenamente as súas actividades produtivas en todos os ámbitos da construción naval civil".

Transcurrido case medio mandato da Presidencia da Unión Europea, Rodríguez Zapatero non realizou aínda ningunha xestión para suprimir as limitacións que pesan sobre o estaleiro de Fene. E non só iso, senón que o ministro de Industria declarou en dúas ocasións no Senado que o Goberno non decidíu aínda se pedirá á UE o fin do veto ao estaleiro de Fene e deixou ver, ademais, que o executivo español non tiña vontade de realizar ese traballo.

Esa é a razón pola que Rumbo 21 tomou a iniciativa de impulsar unha gran mobilización comarcal o próximo sábado 27 de marzo, buscandoa implicación do conxunto da sociedade e das diversas institucións, organizacións e asociacións que a representan.

Por todo o anterior, recollendo a preocupación das máis de 18.000 persoas que asinaron a ILP, Rumbo 21 solicita que a Corporación Municipal de A Capela adopte os seguintes acordos:

1.- Demandar do presidente do Goberno do Estado que, aproveitando a Presidencia de turno da Unión Europea, e tal e como se tiña comprometido diante da Cámara, inicie xa as xestións políticas para o levantamento do veto á construción naval civil no estaleiro de Fene.

2.- Expresar o apoio da Corporación á mobilización comarcal que convoca Rumbo 21 para o sábado 27 de marzo baixo o lema Pola creación de Emprego /Por un sector naval con futuro /levantamento do veto XA!

3.- Facer un chamamento institucional á cidadanía para que parcipe na manifestación do día 27 de marzo."

Acórdase por unanimidade dos Sres. Concelleiros/a asistentes á sesión non debater a moción facendo unha declaración institucional ou manifesto conxunto asinado polos voceiros de tódolos grupos co mesmo texto da moción.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

ROGOS

Por D. José Seco Fernández, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, formúlase o seguinte rogo:

- Logo de varios meses de ter finalizado o tramo de tubería entre o Cemiterio e Porcar, donde cruza o marxe contrario, xusto pegado o garaxe do Sr. Alcalde, está sin asfalto. Esto supón un perigo para os conductores, xa que poden pinchar as rodas además de posibilidades de maniobras bruscas.

È polo que ROGAMOS que no menor tempo posible se solucione o problema.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóstaselle que ten que deixar de chover para que se poida aglomerar.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo formúlanse "in voce" os seguintes rogos:

1º.- Que se trate de buscar entre todos unha solución para solventa-lo problema das plantacións que afectan ós núcleos de poboación.

2º.- Que polo Alcalde-Presidente, de acordo co establecido no Regulamento de participación veciñal se proceda á convocatoria para a constitución do Consello de Participación veciñal.

Por D. Fernando Vilar Díaz, voceiro de Terra Galega, formúlase "in voce", o seguinte rogo:

- Que se faga unha zona de aparcamento na parcela que mercou o concello pola parte de atrás do Centro de Saúde.

PREGUNTAS.-

Dase conta das preguntas presentadas polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz,

1.- Cal é a situación actual dos trámites para o inicio da obra do novo Centro de Saúde?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que despois de semana Santa quedaron de contestarlle da Xunta de Galicia duns fondos do Plan Miner que complementaría o diñeiro que a Xunta ten pensado adicar a construcción.

2.- Fai unhos meses, o Sr. Alcalde manifestou que iba falar coa Ministra de Medio Ambiente para que non se abrira unha mina de extracción de andalucita no Lugar de Picobello, no término municipal de As Pontes. Cal é a posición do equipo de goberno agora que se sabe que sí se vai proceder á extracción dese mineral?

Respóstaselle polo Sr. Alcalde-Presidente que a posición é que non se faga, se a mina afecta ó manantial do Río Belelle.

3.- Fai unhas semanas que xa se rematou a obra que se estaba facendo no campo de fútbol e aínda presenta moitas deficiencias como pode ser a instalación eléctrica, a da auga quente e a falta dunha rede protectora nun dos laterais do campo. Ten pensado o equipo gobeno solucionar estas deficiencias?

Dase por contestada.

4.- Nestes días procedeuse por parte da Xunta de Galicia ó pintado da Estrada das Neves.Perdéronse moitos sitios de aparcamenteo debido a un diseño que nos parece que non era necesario. Tomou o Sr. Alcalde e o seu equipo de goberno algunha medida ó respecto? Por qué non se acondiciona a parecela do Centro de Saúde e se usa para aparcamento provisional, mentres non se inician as obras?

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente facendo mención ás xestións feitas diante do enxeñeiro de estradas, quen lle manifestou que a normativa de tráfico era moi estricta.

5.- Una das obras do FEIL do ano pasado foi a instalación dunha cuberta para a piscina municipal que tiña por obxeto poder abrir a piscina durante mais meses ó ano cousa que non sucede. Cal é o motivo? Por qué non se tuvo a previsión de que non se iba poder abrir máis meses e invertir esa cantidade noutras obras máis necesarias?

Resposta o Concelleiro delegado de cultura e deportes de que se intentará abrir máis tempo, pero que a experiencia di que o ano pasado abriuse quince días a maiores en setembro, e con moi bo tempo a penas foron dúas ou tres persoas.

6.- Queríamos saber se existen partes de traballo diarios para o persoal dependente do Concello.

Resposta o Sr. Alcalde que se fan partes de traballo e que poden verse.

Dase conta das preguntas presentadas polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular,

- O pasado día 18 de febreiro, o grupo municipal do PP deste concello organizou unha reunión informativa monográfica sobre o Monte Corregosos. Esta reunión a que, como responsables do grupo político, podemos calificar como moi positiva, quedouse en:

1º) Nombrar a unha persoa que exercera de intelocutor e representara os afectados.

2º) Esta persoa adquire ali mesmo o compromiso de solicitar do Sr. Alcalde asúa opinión e posible solución o problema.

3º) En reunión informal, despois desta reunión antes mencionada, o Sr. Alcalde compremeteuse con este voceiro a convocar unha xuntanza que, como mínimo, estarían os voceiros dos distintos grupos políticos.

En base a estes datos queremos, dende o PP de A Capela, formular as seguintes preguntas:

1) ¿Solicitaron opinión ou posibles solucións algunha persoa en nome dos afectados polo Monte Corregosos?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que esa persoa falou persoalmente para preguntar de como estaba o asunto.

2) ¿En qué momento ten pensado o Sr. Alcalde a reunión que, como mínimo estarían os voceiros, para falar do tema?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que se convocará cando haxa novidades sobre o tema.

- No "PDF" de Decretos e Resolucións, con data 02-02-10 aparece un anteproyecto de estudio de proposta de tarifas do servizo de abastecemento de auga, adxudicado a empresa "LUAT3, S.L.

3) ¿Ten xa algunha nova ou orientación de cómo poden quedar as tarifas?

Resposta o Sr. Alcalde, que de momento non, xa que se está a facer o censo de posibles usuarios.

Ante un acordo da Xunta do Goberno Local con data 14 de decembro de 2009, a antiga empresa encargada da recollida do lixo, "Celta Prix", ten presentado un Contencioso-Administrativo.

4) ¿Podería informar o Pleno cales foron os motivos e como está actualmente o tema?

Responde o Sr. Alcalde-Presidente que supón que o motivo é porque non lle foi adxudicado a xestión do servizo.

- No "PDF" de Decretos e Resolucións, con data 10-02-10, sulíñase como un erro e cambiase 2.532,62 € da partida 2010.9.12 a partida 2010.9.15

5) ¿Podería, brevemente, explicar os motivos?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que entre partidas do mesmo capítulo pódense facer modificacións orzamentarias e aprobarse pola Alcaldía.

- Plan Ferrol: Noticia "La Voz de Galicia 09-03-2010"

- El Ministerio de Industria respalda con 59,8 millones de euros los 55 proyectos presentados a la última convocatoria de ayudas a la reindustrialización de Ferrolterra, Eume y Ortegal. De este volumen 57,3 millones son créditos con condiciones especiales de financiación y los 2,4

restantes, ayudas a fondo perdido. En conjunto los fondos destinados por el gabinete de Miguel Sebastián respaldarán 39 actuaciones promovidas por empresas y 16 administraciones públicas y entidades sin ánimo de lucro. Las iniciativas suman una inversión global de 123,5 millones, de los cuales 109,4 procederán del sector privado y 14,1 del público...

6) ¿ A Capela presentou algún proxecto?

Respóstase polo Sr. Alcalde-presidente que o Concello no presentou ningún proxecto, e non se ten coñecemento se o fixo a iniciativa privada.

- E non olvidando unha promesa do Sr. Alcalde.

7) ¿Estarán habilitados os locais para os distintos grupos políticos en esta legislatura?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que se espera que estén listos antes do século que ven.

- Tanto na Barbela coma no Outeriro, parece que as obras están totalmente paradas, non se observa que se esteña traballando.

8)¿Hai algún problema?

Respóstaselle polo Sr. Alcalde-presidente que non existe ningún problema técnico que atinxe ó concello.

9) D. José Seco Fernández formula "in voce" a seguinte pregunta:

¿Cal é motivo de que o Concello da Capela sexa o que menor cantidade ten asinada no POS 2010, que ascende 66.108,43€?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que os fondos totais do Plan ascenden ó doble desa cantidade, pero que o Concello no seu día optou por destinar a outra porcentaxe a gasto corrente.

10) Pola Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Dna. Eva María Fraga Sanmartín, formúlanse as seguintes preguntas:

1ª.- ¿Qué medidas adoptou o concello nas derradeiras nevaradas?

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que a xente do concello estivo botando sal para tentar de abrir o máis axiña posible as pistas municipais.

2ª:- O Concello adoptou medidas con motivo do derradeiro temporal?

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que o Concello estivo alerta, pero que afortunadamente o temporal tivo moita máis baixa intensidade que o Klaus.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas vinte minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Asdo.: Ángel López Sueiro.

O Secretario,

Asdo.: José A. Meizoso Paz.